



## **POLÍTICA DE CALIDADE**

A RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE VILALBA, denominación moderna do antigo Hospital-Asilo, é un centro sociosanitario de iniciativa social sen ánimo de lucro, dependente da Fundación Hospital Asilo de Vilalba, que ten como misión a atención integral (coidados sanitarios, rehabilitación, atención psicosocial, ocio e tempo libre, manutención e aloxamento) de persoas maiores e dependentes da Terra Chá.

Conviven nesta residencia, cos mesmos dereitos e obrigas, tanto persoas que atenden o custe da praza que ocupan como aquelas outras que non dispoñen de recursos económicos suficientes.

A RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE VILALBA comprométese a cumprir e revisar os requirimentos da norma *UNE-EN-ISO 9001:2015 Sistema de Xestión da Calidade*, asegurando que o servizo que presta cumpre cos requisitos legais e cos fins fundacionais da Fundación Hospital Asilo de Vilalba coa finalidade de satisfacer os requisitos e expectativas dos residentes e das súas familias, traballadores e sociedade en xeral.

O Sistema de Xestión de Calidade da RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE VILALBA ten por finalidade: a) cubrir as necesidades e expectativas das partes interesadas; b) permitir adaptarse continuamente aos cambios que requira a organización da propia residencia; c) proporcionar un marco de referencia para o establecemento e revisión dos obxectivos de calidade. O sistema implantado proporciona as ferramentas necesarias para dirixir o traballo cara á mellora continua de todas as actividades realizadas a través do correcto planeamento, implantación e control de todos os procesos asistenciais.

Vilalba, 1 xuño 2017

Jesús Ramil Novo  
Director Residencia Persoas Maiores de Vilalba